REVISTA QUINCENAL DE CRENTES GALEGOS

IRIMIA

Benia quen constrúe a paz!

ANO XXXVIII • Nº 999 - Do 19 de novembro ao 2 de decembro de 2018

Radios comunitarias. Dando voz a outras voces



A foto que fala

Galicia. Dous datos para ilustrar o 25 de novembro:
1- Neste momento, máis de 3 200 mulleres atópanse baixo protección policial.
2- O ano pasado presentáronse nos xulgados galegos 6 463 denuncias por violencia machista.



O trasno

Imperio sorprendido por contraataque da Esperanza pola esquerda

Daniel López Muñoz



Se os milenials van votar, espertando da ilusa convicción de que os clicks nas redes sociais cambian a realidade... iso podería indicar que a esperanza ten un plan.

Se mesmo diante do tupé de Donald Trump se levantan as mulleres e entran 96 de vez, nunca tal, na Cámara de Representantes... iso xa sería un serio anuncio dun inesperado contraataque.

Pero se a esquerdista Alexandria Ocasio-Cortez, de 29 anos, de orixe portorriqueña, líder da "latinidade obreira" e nada no Bronx, que traballou de camareira e estudou cun préstamo que aínda está a pagar -isto é o cocktail perfecto para envelenar o gran Depredador: muller, hispana, obreira, estudante, de esquerda e de barrio marxinal e conflitivo-, fixo historia por ser a muller máis nova en ser electa ao Congreso,... é que as mentiras do negociante sobre a incompetencia e criminalidade innata dos inmigrantes latinos esfarélanse... e a esperanza contraataca a campo aberto.

E se Illan Omar e Rashida Tlaib resulta que son as primeiras musulmás en seren electas para o Congreso dos Estados Unidos, contra todo prognóstico, contra todos os prexuízos, contra todos os Guantánamos... E se a demócrata Ayanna Pressley, de Boston, pasa a ser a primeira muller afroamericana que representa un estado elitista e branco como Massachusetts..., é que a esperanza, definitivamente, está contraatacando, festeira e rítmica, pero con firmeza.

E..., ouh repanocha das repanochas!: se Sharice Davids e Deb Haaland son as primeiras congresistas indíxenas americanas, isto é, as xenuínas herdeiras da masacre, as de pel cobriza, que dicía a *Enciclopedia Álvarez*, as fillas dos ninguén, que dicía Galeano, é que siiiiiiiiiiii!, aquí pasa algo! E se o loiro bocagrande se ten que enfrontar de agora en diante a xente como esta Sharice, que, ademais de india, é avogada, loitadora de artes marciais e lesbiana declarada.... e a Deb (a da foto), que é da tribo Pobo "Laguna" de Novo México, activista comunitaria, que venceu o alcoholismo subsistindo cos famosos cupóns de alimentos, pero que agora é a gran mobilizadora do voto dos seus... entón si definitivamente cremos que os últimos poden ser os primeiros e que aos primeiros quédalles pouco tempo para comezar a seren un pouquiño máis últimos.

Porque se o Imperio contraataca, a Esperanza recontraataca.

Prepárate Imperio, que tes os séculos contados.

Editorial O fardel da Xustiza Española

Por se hai alguén aínda despistado, hai un tributo que se paga na Axencia Tributaria Galega cando se asina unha hipoteca. O tipo dese tributo é do 1,5 % do valor declarado. É dicir, que por unha hipoteca de 100.000 € hai que ingresar 1.500 €. Até agora sempre pagou o comprador; a partir de agora, seica vai pagar o banco.Tal dixo o Supremo. Despois tivo estraño trasacordo. E por último o Goberno socialista decidiu cambiar a norma para que, efectivamente, pagase o banco que presta, que é o que esixe un documento notarial, e non o comprador que recibe o préstamo.

Polo medio queda unha historia ben triste. Con toda seguridade, o enguedello no Supremo pola sentencia das hipotecas sexa unha mínima parte dun sistema no que o capital financeiro nunca perde. O problema está en que os bancos deberían ter un carácter de servizo público, xa que son necesarios para que a sociedade e a economía funcione, pero son a mostra máis impúdica dun negocio privado montado sobre unha necesidade pública. Desaparecida en combate a banca pública, os grandes bancos privados son a elite do beneficio capitalista: as súas ganancias anuais, para que todo funcione, sempre deben aumentar. Case que ao mesmo ritmo das gratificacións estratosféricas dos seus consellos de administración.

Os xuíces terán que demostrar que non comparten intereses cos bancos

Os bancos son, logo, o espello da cobiza capitalista. Sen disimulo. Pero a Xustiza debería ser outra cousa: unha balanza independente, capaz de sentenciar con criterio legal e con principios xurídicos. A Xustiza, como institución, ten que demostrar cada día que aspira á Xustiza como ideal.

É moi mala nova, xa o dixemos ben veces, o descrédito da Xustiza. O poder xudicial esá politizado no peor sentido: está "partidizado", con membros "propostos" polos grandes partidos. A súa independencia na liorta política xa estaba cuestionada por cousas, por exemplo, como a desproporción desa interminable prisión preventiva para Junqueras e demais líderes cataláns. Agora, despois do espectáculo da sentenza das hipotecas, vemos que tampouco se observa imparcialidade na outra liorta, a de clases, entre consumidores e corporacións, entre traballadores hipotecados e poder financeiro. Os xuíces terán agora que demostrar que non comparten intereses materiais cos bancos. E demostralo ben.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Que a sociedade está a cambiar é un tópico que leva funcionando séculos. Pero neste caso é certo. A sociedade está a cambiar en todo o mundo na presenza das mulleres en todos os ámbitos. Este cambio dáse en todo o mundo. Amodiño, pero con boa letra.

Isto ocorre tamén na África que para nós é tan descoñecida. Neste continente, que parecía para nós totalmente dominado por prexuízos tribais que servían de pretexto para o machismo, hai pequenas lumieiras de esperanza.

Sahlework Zewde foi elixida hai uns días presidenta de Etiopía. Chega a ese cargo tras unha impresionante carreira política e diplomática. Ademais hai pouco tamén se escolleu outra muller neste país para presidenta do Tribunal Supremo.

Sahlework non é a primeira presidenta africana. Levamos algunha máis como a liberiana Ellen Johnson-Sirleaf que tamén foi premio Nobel da Paz en 2011.

Outra curiosidade é que Ruanda é o país do mundo con máis deputadas nas súas cortes.



Está claro que o feito de ser muller non supón que o goberno sexa mellor. Tampouco que os dereitos das mulleres estean máis recoñecido pero é un avance cara á normalidade que en todos os países as mulleres participen da xestión do ben común. Que incluso en África algo vaia avanzando e que isto vaia contaxiándose cara outros países. Unha sociedade xusta ten que ser igualitaria e a igualdade ten que vir coa normalidade.

1



3



2



CONTRA A ESTAFA ELÉCTRICA EN DEFENSA DA TERRA

TOURO

1 DECEMBRO

PAN TRABALLO TEITO DIGNIDADE

4



A peneira

1

Vén de estrearse o documental *Outra Coruña Posible:* DOMINGOS MERINO, realizado e producido por tres estudantes de xornalismo. É a historia dunha cidade, do seu primeiro alcalde democrático; dun traballador de Monte Alto, que tomou o bastón de mando e abriu as portas do pazo de María Pita para toda a cidadanía, sen distincións de clases.

2

A Plataforma Galega das Marchas da Dignidade convócanos o 1 de decembro en Touro, erixido xa nun símbolo da depredación salvaxe do noso país, para protestar pola ESTAFA ELÉCTRICA e en defensa da terra. Galicia, denuncian as plataformas, é esquilmada polas multinacionais mineiras, contaminada polas centrais térmicas e explotada polas eléctricas con minicentrais e turbinas eólicas, mentres a luz non para de subir. Na primeira metade do ano, a media do gasto nunha explotación agrícola galega pasou de 443 euros, que promediaban no 2017, a 514.

3

As ELECCIÓNS MUNICIPAIS están cada día máis próximas e os partidos políticos van definindo as súas listas para unha batalla que será a cara de can nas cidades. É o caso da Coruña, onde Marea Atlántica tratará de recuncar na alcaldía, mentres Paco Vázquez coquetea con Ciudadanos; ou Pontevedra, onde o BNG aspira a un sexto mandato, mentres Marea Pontevedra acaba de fichar para o segundo posto a Teresa Casal, quen fora concelleira do PSOE entre 1997 e 2011 e tenente de alcalde con Lores en dous mandatos.

4

No 2017, un 18,7 % da poboación galega estaba en situación de POBREZA (506.977 persoas), con ingresos inferiores a 710 €/mes, segundo o informe que vén de presentar a Rede Galega de Loita contra a Pobreza. A fraxilidade concéntrase nas persoas maiores de 65 anos (o 39 % das pensións teñen un importe inferior ao limiar da pobreza) e nas mulleres, que non só teñen peores datos ca os homes (24,4 % en risco de pobreza, fronte ao 20,7 % dos homes), senón que tamén difiren na evolución (1,3 % de diminución con respecto a 2016, fronte ao 4,3 % dos homes).

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

Coa chegada do outono as setas e os cogomelos inzan nos montes e as ASOCIACIÓNS MICOLÓXICAS, moitas delas agrupadas na Asociación Galega de Micoloxía, reactívanse. Algunhas xa son históricas, como *Os Balouros* de Foz, que cumpre 40 anos, ou *A Cantarela* de Vilagarcía e *Os Cogordos* de Ourense, que andan polos 35. Se tedes interese no tema, a Asociación Medioambiental de Amabul, de Vedra, organiza para o 1 e 2 de decembro as saídas micolóxicas Cogomelar.

6

A expansión da capital de Mali, BAMAKO, está a disparar a demanda de ladrillos feitos con area de alta calidade que se extrae á man do leito do río Níxer. Un traballo perigoso polas correntes e a climatoloxía. A area sácase a caldeirados do río e baldéirase en botes, que logo se agrupan formando fráxiles convois, como o da foto. Bamako é, tamén, un punto de confluencia das rutas migratorias que veñen da África occidental. Preto de 30 000 persoas pasaron por Mali o ano pasado, camiño de Europa.

7

Europa conmemora o centenario do remate da I GUERRA MUNDIAL, un conflito ao que Galicia non foi allea. Aínda que España se mantivo neutral, os portos galegos tiveron o seu significado como refuxio de grandes buques comerciais ou como abastecedores clandestinos de combustible, como foi o caso de Corcubión. Un estudo do Ministerio de Defensa cifrou en 124 o número de barcos fundidos fronte ás costas galegas por submarinos inimigos.

8

Xa podemos mercar o poemario de Baldomero Iglesias, MERO, *No perfil das verbas*, con preciosos debuxos de María Guerrero, libro acabado de presentar en Compostela por Alfonso Blanco, Xulio Xiz, Pilar Sampedro e David Otero, entre outros, nun acto festivo, chairego e entrañable. En realidade, son varios poemarios reunidos, entre eles o esgotado *Doce ducias*, que serviu para axudar a financiar os gastos de manter viva e en pé a casa do poeta Díaz Castro.

Economia

Imposto das hipotecas: Supremo ou non suprimo?

Pedro Pedrouzo Devesa



Durante máis de vinte anos pareceunos normal pagar o imposto de actos xurídicos e documentados cando formalizabamos unha hipoteca. Ata que un día o Tribunal Supremo nos avisou de que se estaba aplicando mal, que o obrigado tributario debía ser o banco. Unha das vantaxes de que un asunto que a ninguén lle importaba ata ese momento pase a ser de relevancia nacional é que nos poñemos a pensar nel, e de paso a comprobar como se regula noutros países.

Nos últimos catro anos ese imposto supuxo unha recadación en España de 2 300 millóns de euros. Parece pouco crible que o simple cambio de lexislación provoque un aforro nas hipotecas, fundamentalmente porque as hipotecas son contratos de adhesión. Se queres que che presten diñeiro para mercar unha vivenda, vas ter que aceptar as condicións económicas que che pon o banco. E esas condicións son cambiantes e adaptables. Os bancos, agora, introducirán un novo custo, o imposto, que facilmente trasladarán ao consumidor. Coa agravante de que, ao non poder recuperalo de golpe, incrementarán o custo da hipoteca nun valor maior ao imposto que trasladan. Ao final, financiarannos o imposto con xuros.

Pero, quen paga ao final un imposto? O destinatario final dun imposto depende de moitas cousas. Sobre todo, de se algún dos afectados ten unha posición de maior poder que lle permita trasladar ese imposto ao outro. Lembremos cando as entradas de cine pasaron a ter un IVE do 21%. Na práctica, as entradas ou non subiron, ou subiron moito menos que o 21 %. As salas sabían que se trasladaban todo ese incremento, perderían moito máis diñeiro polo descenso de usuarios que sufrirían. E asumiron eles o pago da diferenza. No caso do imposto das hipotecas, o pago, coma un balón, pasaba do comprador á facenda pública. Agora está no tellado do banco. Pero o banco asegura o rebote.

E un último detalle. Do que si quedou constancia durante estas semanas é de que a banca ten un grave problema: é enormemente impopular. E iso, antes ou despois, acábase pagando.

O peto común A montaña lucense

Josecho de la Torre Culler

Recentemente os xornais daban conta do abandono do montaña lucense. Este novas, non moi abundantes, soen pasar desapercibidas para os que non vivimos preto e descoñecemos a realidade diaria dos seus xa escasos veciños. Leo e reflexiono... É difícil de comprender.

Os poucos habitantes e xa case heroes que alí "resisten" son os únicos que realmente coidan dunha das paraxes máis impresionantes que temos no país, e diso si que sabe todo aquel que deu unha voltiña por alí, ou non? Cal é a realidade actual?

Despoboamento a ritmo de vertixe; só na última década, perdeuse o 25% do censo. Isto fai que teñamos aldeas xa totalmente abandonadas ou semiabandonadas. Quen vai coidar daquilo cando xa non quede ninguén? eEsta é a pregunta que se fai.

Incendios. Isto é como o peixe que morde a cola: os activos económicos malamente dan para vivir, entón a xente nova vaise, déixase de traballar as leiras e estas, baldías, acaban sendo pasto das chamas. Tan sinxelo como cruel.

As nevadas son arma de dobre fío, pero as consecuencias son máis ben negativas. Mentres milleiros visitan a montaña en época de nevaradas e esta acada xa unha beleza brutal, o gando queda sen alimento. Imaxinade despois da vagada de incendios do verán, un inverno de moitas nevadas. Imaxinades o que pode supor para o gandeiro?



Por se fose pouco..., falta de médicos, que fai que os veciños teñan que viaxar a lugares afastados e por estradas intransitables... Falta de servizos, cos cortes eternos de teléfono ou rede... Tardanza á hora de atender urxencias... Peche de farmacias, bancos e outro tipo de servizos frecuentes... Peche de escolas...

Non sei se vós tendes a sensación que un sinte. Nin sei se a Administración ten pensado un plan futuro real de políticas para frear o abandono. Non sei se nun exercicio de empatía seremos capaces de imaxinar a vida a 1 hora escasa da cidade de Lugo, pero o certo é que por cada obstáculo que leo, máis me ven á cabeza o relato do Éxodo, salvando as distancias. Vaia, pois, este "Peto" en homenaxe á xente que vive na montaña.

O CARRABOUXO por Xosé Lois





Entrevista Conversa con Mariano Fernández

Redacción

A finais do mes de outubro o TSXG anulou a resolución da Xunta de Galicia que lle impedía á emisora coruñesa CUAC FM emitir en Frecuencia Modulada. A sentenza recoñeceulle, ademais, a esta radio o dereito a contar cunha licenza de emisión para medios sen ánimo de lucro. Desta sentenza histórica e do sentido dos medios comunitarios falamos con Mariano Fernández Cabarcos, fundador de CUAC e Presidente da Rede Estatal de Medios Comunitarios.



Mariano Fernández Cabarcos, fundador de CUAC FM e presidente da Rede Estatal de Medios Comunitarios

Para os que non son da Coruña ou non vos coñecen, que é CUAC FM?

Cuac FM é a radio comunitaria da Coruña. O que pasa é que probablemente non estea claro o concepto do que é unha radio comunitaria. Falamos dunha emisora propiedade dunha entidade sen ánimo de lucro, que lle abre á súa comunidade de referencia a posibilidade de participar na propiedade do medio, nas decisións de xestión e na elaboración e emisión de contidos, co obxectivo de propiciar un cambio social acorde cos dereitos humanos e satisfacer as necesidades de comunicación non cubertas polos outros medios: en resumo, dar voz a quen non a ten. Baste dicir que nos 22 anos de existencia de Cuac, nunca rexeitamos un proxecto de programa, e levamos emitido máis de 450.

Cal era o conflito que se viña dirimindo coa Xunta?

Desde o ano 2010 a lexislación estatal vixente recoñece os medios comunitarios como un dereito da cidadanía, pero as administracións non foron quen, nestes 8 anos, de habilitar os mecanismos concretos para darnos licenzas; así, aínda que protexidos pola lei, carecemos dun título habilitante expedido pola Administración. Houbo unha inspección do Ministerio de Industria, detectouse a nosa emisión, comprobouse que non tiñamos tal licenza e a Xunta abriu un expediente sancionador que nos expoñía a unha sanción de 100 001 a 200 000 €.

Que vén a dicir ou que resolve a sentenza do TXSG?

A sentencia recoñece o dereito recollido na lexislación vixente, sinala que a Xunta violou os dereitos fundamentais de Cuac FM ao advertirla de que de reiniciar as súas emisións, podería ser novamente expedientada e sancionada, e recoñece que a nosa emisora goza dunha garantía temporal de emisión, xa que a inacción da propia Administración é a que impide que poidamos ter unha licenza para emitir.

A sentenza é importante, non só para CUAC, senón para todo o movemento de radios libres e comunitarias

Pero a sentencia non é importante só para Cuac FM, tamén o é para todo o movemento de radios libres e comunitarias porque establece un precedente. Cando Cuac decide correr o risco de entablar este litixio, non o fai somente no seu propio beneficio, senón coa mente posta no resto de medios comunitarios no Estado, que se atopaban na nosa mesma situación de indefensión. Agora estamos un chisquiño máis preto de ter unha situación máis similar á dos países do noso contorno. Para facernos unha idea, Francia regulou as súas radios comunitarias en 1981; imos cun chisco de retraso, seica.

Que interese tiña a Xunta en pechar a emisora?

Esa é unha boa pregunta porque dubido moito que tivesen interese ningún en expulsar a Cuac FM do dial. Unha vez feita a inspección, abrir o expediente era obligatorio. É certo que puideron arquivalo, como así aconteceu noutras comunidades autónomas en casos análogos (por exemplo, no Principado de Asturias), pero a Xunta seguiu adiante. Realmente é difícil atopar un interese racional en pechar un proxecto que leva 22 anos en funcionamento, facendo unha labor social relevante e que ten un apoio social tan importante. O 16 de outubro publicouse tamén a Lei Andaluza do

Audiovisual, que concorda punto por punto coa argumentación da sentenza do TSXG, o que nos leva a unha situación bastante desconcertante, como é que a tal hora a cidadanía andaluza e a coruñesa teñen expresamente recoñecido o exercicio do seu dereito constitucional a comunicar, pero a do resto do Estado non. Estamos a falar de algo tan grave como unha asimetría nos dereitos fundamentais por razón do territorio.

Desde os medios comunitarios entendemos que cómpre poñer fin a esta situación canto antes, e o propio Congreso dos Deputados aprobou o ano pasado unha proposición non de lei neste sentido, apoiada por todos os grupos, agás o do Partido Popular. Agardamos que co goberno actual se poida desbloquear a situación. O que agardamos agora é que, á vista de todo isto, a Xunta de Galicia acate a sentencia e non a recorra.

Os medios comunitarios teñen un valor social recoñecido

Que sentido ten hoxe a radio comunitaria?

Todo. O propio Parlamento Europeo recoñeceu en 2008, a través dunha resolución, o seu valor social, a súa trascendencia na comunicación local, o debate social e o seu papel clave nos procesos de alfabetización mediática e empoderamento cidadán. É especialmente importante o asunto da alfabetización mediática nos tempos que corren, nos que vivimos permanentemente baixo un bombardeo de información, porque precisamos ferramentas para discernir o gran da palla. Os medios comunitarios son moi eficientes formando as persoas neste ámbito, capacitando a sociedade civil para acceder á comunicación mediada, pero tamén para dotala de ferramentas para consumir medios de xeito consciente e informado.

No Estado español, o desenvolvemento do dereito á liberdade de expresión e os seus dereitos conexos non existe máis alá do contido nos códigos civil e penal e lexislación técnica moi específica. Non houbo, ata o de agora, un debate público sereno e sosegado sobre este asunto, 40 anos despois de aprobarse a Constitución.

A UNESCO recomenda que o espazo radioeléctrico se distribúa en tres partes iguais, unha para medios públicos, outra para comerciais e outra para comunitarios, pero implementar esa recomendación nun estado que apenas fixo unha reflexión seria sobre o seu esquema de medios é extremadamente difícil. Porén, os medios comunitarios estamos organizados e traballando para que os dereitos da cidadanía no ámbito da comunicación non fiquen esquecidos e, despois de décadas proscritos, semella que comezamos a colleitar os primeiros froitos dun esforzo sostido por moitas persoas durante todos estes anos, con grandes esforzos.

De que maneira se pode colaborar ou participar do proxecto?

Pois é moi doado, simplemente enviando un correo electrónico ao enderezo comunicacion@cuacfm.org ou chamando ao 981 14 00 45 (de luns a venres, de 9.30 a 13.30 h e de 17.00 a 20.00 h), recibiredes a información precisa para entrar no seguinte ciclo de formación mensual e, despois de catro sesións de formación, comezas a emitir. Se non se quere emitir, senón simplemente asociarse ou apoiar o proxecto, tamén é posible contactando a traves do mesmo enderezo electrónico ou a través das nosas redes sociais.



Os presentadores do programa *Xeración Bravú* entrevistan o alcalde da Coruña no estudo José Couso, de CUAC FM

O noso taboleiro

Crónica do XXXIII Foro Encrucillada. *Mulleres no altar?*

Asociación Encrucillada



Pilar Wirtz, primeira relatora do foro, e María Cancelo, moderadora (Foto: Xaime Cortizo)

En 2016, o Papa Francisco acolleu unha petición no marco da reunión trienal da Unión das Superioras Xerais (UISG) sobre o diaconado feminino e creou unha comisión paritaria, presidida por Monseñor Ladaria, coa tarefa de estudar a posibilidade do acceso das mulleres ao Ministerio do diaconado. En xuño de 2017 a Asoc. de Teólogas Españolas, en colaboración coas súas homónimas italianas, dedicou tamén a este tema unhas xornadas académicas. En Encrucillada, facéndonos eco destas propostas, dedicamos o Foro 2018 a estudar a viabilidade real do diaconado feminino, con responsabilidade, rigor histórico e fundamento teolóxico, para desterrar medos e deixar atrás ignorancias e prexuízos. A nosa pretensión é presentar unha palabra que resulte crible e axude a avanzar neste debate desde a teoloxía actual e a historia e tradición da Igrexa.

Así nolo transmitiu na presentación Marisa Vidal Collazo, secretaria da revista. A nosa compañeira no Consello de Encrucillada, Pilar Wirtz Molezún, iniciou as palestras mostrándonos todo o que a sociedade e a Igrexa gañarían se se permiten descubrir, recoñecer e adoptan como propios os retos do feminismo: a igualdade real e efectiva de todos os fillos e fillas de Deus.

Jesús Martínez Gordo, teólogo e sacerdote na diocese de Bilbao, debullou as razóns teolóxicas do acceso das mulleres ao presbiterado, mostrando a inconsistencia dos argumentos que se esgrimen en contra da ordenación das mulleres. Na quenda de palabra falou da situación actual da Igrexa, das frontes de reforma abertas polo Papa Francisco e deixou no ar unha esperanza: o Sínodo que vai ter lugar na Amazonia para o ano próximo.

> Dedicamos o foro a estudar a viabilidade real do diaconado feminino

Pola tarde, Fernando Rivas Rebaque, profesor de Historia Antiga da Igrexa na Universidade Pontificia Comillas, aportounos os datos da investigación histórica sobre o papel das mulleres na primeira Igrexa. Palpamos así a igualdade real no século I, e como esa igualdade foi esmorecendo a partir do século II, ao mesmo tempo que se creaba e reforzaba a estrutura xerárquica da igrexa. Non foi moi optimista á hora de predicir cambios a curto prazo, pero si nos deixou claro que é preciso reverter a histórica xerarquización da Igrexa. Tamén advertiu que non cambiará nada se as mulleres nos conformamos con estar nos altares, pero seguimos sen participar nos órganos de toma de decisión da Igrexa.


Pechou o Foro un recital de palabra, música e danza: A danza da sabedoría, un texto da nosa compañeira Carme Soto Varela, coa execución plástica do Ballet Druída no corpo das bailarinas Julia Méndez e Rosalía Vázquez, baixo dirección de Mercedes Suárez. A sabedoría da danza para nós desde o principio dos tempos e as mulleres da tradición bíblica recolleron os seus movementos na Historia de Israel.

Grazas ás persoas fieis que apoian e sosteñen o proxecto Encrucillada, a Rocío Solla, polo cartaz; á Secretaría Xeral de Política Lingüística, polo local; e á Cooperativa de Comercio Xusto Panxea, polo café e os zumes. Vémonos o ano que vén!

Ler para camiñar *Non hai noite tan longa*

Juan Antonio Pinto Antón

Viaxes con Agustín Fernández Paz



Unha biblioteca é como a cova de Alí Babá, chea de tesouros, pero sen ladróns. Coa chegada do bo tempo, algúns deciden viaxar, outros abren un libro para ir máis aló de Lanzarote, dos fiordos noruegueses, de Cancún.

Atento ás novidades, descobres xoias. Cae nas túas mans a novela *Ya nadie llora por mí* deste Sergio Ramírez, que vén de denunciar a tiranía do exguerrilleiro exsandinista Daniel Ortega. Tiras das cereixas do cesto e sae *El final del desconcierto*, de Antón Costa, que sabe economía e como explicala. Colles *Todo é silencio* de Manuel Rivas e les todo de quen escribe tan ben. Como o último *Contra todo isto. Un manifesto rebelde*. A este tipo habería que lle dedicar dous días das Letras Galegas, un agora, vivo.

A biblioteca da túa cidade non é a de Alexandría. Nin a excesiva da Cidade da Cultura: concibida para un millón de ejemplares, colecciona as Obras Completas do Po e do Espazo Asoballado. Tampouco é a de Heidelberg, cidade de estatura similar a Lugo ou Ourense, pero con 2,5 millóns de libros, a biblioteca é o embigo da universidade.

Volvemos á Cova de Alí Babá. Outro día atopas este historiador xudeo, o de *Sapiens* e *Homo Deus*, Yuval Harari. Les os dous. Cae nas túas mans *Hypatia*, de Pedro Gálvez e devoras *Nerón, diario de un emperador*. Desde o expositor reclama a atención *Después de la crisis* de Alain Touraine. Ou *La sociedad de la ignorancia*, de Marina Subirachs. E como ler é gozar, les *La transparencia del tiempo* do cubano Leonardo Padura. Hai libros que, como os melóns, non os descobres ata que os catas. Daquela segues os consellos de Daniel Pennac, 'os dereitos imprescriptibles do lector'. Ler o que me pete, reler, dereito a saltar páxinas, a volver cara a atrás, a deixar de ler. En definitiva, dereito a viaxar.

> Este Agustín escribía así de ben

A última viaxe con Agustín Fernández Paz foi engaiolante. En tan boa compaña les *Non hai noite tan longa* deste escritor admirable. A trama tira de ti. Queres chegar ao final, pero enfada ir tan rápido. Tentas frear, degustar a trama. Coñeces polo nome e polo rostro os personaxes. Este Agustín escribía así de ben. Sabes que foi un tipo sinxelo, novelista de valía, tan coherente que tivo a ousadía de rexeitar, despois de agradecer, o Premio da Cultura Galega considerando que os responsables actuais non defenden a galeguidade desa cultura. Home bo e xeneroso, cargado de dignidade, puntal da nosa literatura. Este creador sensible e comprometido, con xens literarios da Terra Chá, ten unha obra fermosa que cómpre degustar. Hai que ler a Agustín Fernández Paz. *Non hai noite tan longa*. Un apaixonante compañeiro de viaxe.

Crónica desde Nicaragua (4)

Alfonso Mascuñana

Viaxe ao Salvador, por san Romero de América

A viaxe a El Salvador deixoume reconfortadamente canso e algo preguiceiro. Pero vou superar a situación contando cousas da viaxe. Cousas que se poderían filmar. Outras serían imposibles de filmar: forman parte das opinións, consideracións e, maiormente, dos sentimentos.

Comeza a peripecia

Saímos de Masaya ás dúas e media da madrugada do mércores 10. Levabamos un microbús Toyota que guiaba cunha mestría incrible o seu dono, don Fran. "Canta xente viaxa?". "Vinteún comigo", respondía don Fran en cada control ou aduana.

Cruzamos decontado Managua valeira e rodeamos León e Chinandega. Sobre as seis da mañá chegamos á fronteira de Guasaule, despois de percorrer uns douscentos quilómetros.

Saír de Nicaragua, un. Entrar en Honduras, dous. En Nicaragua paguei dous dólares; en Honduras, tres. En Nicaragua puxemos todos os dedos da man para quedaren gravados no ordenador; en Honduras, tamén. En Nicaragua fixéronnos foto; en Honduras, tamén. En Nicaragua mandáronnos baixar toda a equipaxe e pasala polo escáner; en Honduras, non.

Á volta de dúas horas cruzabamos o sur de Honduras, bordeando o golfo de Fonseca, pasando Choluteca e Valle.

Deixarse coidar

Douscentos quilómetros ata a fronteira seguinte, con El Salvador. Confeso que me asinaran o sitio do copiloto, o que me facilitou a contemplación da ruta. Ás dúas e media da madrugada xa estaba case todo cheo, pero díxome a coordinadora da expedición ao subir: "Usted ahí, don Alfonso".



Con Tojeira ao remate da celebración

O certo é que todo o tempo fun o *don Alfonso,* a quen había que coidar, e eu non me resistín nadiña. Comparto con naturalidade a actitude propia desta rexión, das patrias das que menos teñen: nunca digas que non ao que che ofrecen; e moito menos se é comida.

Pasoume igual coa familia que nos acolleu en Ilopango, San Salvador. Familia sublime de cinco persoas, onde durmimos nove máis e onde comiamos quince máis. Á hora de deitarse, eu marchaba a outra casa, que acollía cinco persoas, pero Alberto, o home da primeira, sentenciou: "Usted duerme ahí, don Alfonso". Cuarto con cama e mosquitero e baño a carón. Tamén durmía nela un rapaz do grupo, pero en colchoneta no chan.

Cruzamos o sur de Honduras. Non apreciei moita diferencia de panorama, salvo nas marcas das cervexas nos bochinches. A mesma xente, cargando, sempre cargando bolsas ou criaturas, por veces en moto sen casco, pero sempre carrexando. A mesma pobreza, as mesmas casiñas na beira da estrada.

Os de narcóticos

Paráronnos dúas veces nese traxecto; unha xa non sei para qué: "Somos 21 conmigo". "¿Algún menor?". "No". "Mejor así. ¿A dónde van?". "A un evento religioso". "¿Son de alguna iglesia?". "Sí, de la Iglesia católica, vamos a la canonización del obispo Romero". "¿ A qué? ¿Quién?". "Romero (xesto de ignorancia). Sigan".

A segunda foi no posto de narcóticos. Inmenso aparcadoiro, moito uniformado. Máis preguntas, lectura da lista de persoas que viaxan. Que qué levamos nos petates (ían na baca). Resposta*: "Alixos de cocaína, somos membros do cartel de Sinaloa, andamos con présa"*. Eles dubidan entre mandarnos baixar de novo os petates ou non. Gaña o non.

Don Fran manobra e vía. "Están pescando en aguas muertas", atina Jose Luis, un dos tres varóns da expedición. E chegamos a El Amatillo, fronteira con Honduras.

Ben este paso. Tres e dous dólares de novo; poñer os dedos e fotografías de

> Tojeira botou una homilía propia de Romero, con inxustizas concreta

novo, pero ben rápido en ambos os lados. E entramos en El Salvador.

Últimos douscentos quilómetros co firme cheo de buracos, que nos levan unhas catro horas. E chegamos a Ilopango, a once quilómetros de San Salvador, ás cinco e media da tarde, tras 15 horas de viaxe.

Acollida

Quedamos no barrio de San Bartolo, na de Teresa, Alberto, a súa filla Andrea e o seu fillo Miguel. A parella é veterana nas Comunidades de El Salvador.

Estivemos de faladoiro. Alberto contou da mala situación en El Salvador. Retroceso socio-económico para as



Chegaban grupos de toda centroamérica

maiorías. *De facto* goberna a dereita cun 75 % dos deputados, aínda que o actual presidente sexa do Farabundo. Un país con oito mil quilómetros cadrados menos que Galicia e sete millóns de habitantes: ateigado, xente por todas partes. Coches, motos, xente, postos de venda, …

Antes, dicía Alberto, a oligarquía salvadoreña era de once familias. Hoxe son catro. Escasez e privatización da auga. Corrupción do poder xudicial. O país vive das remesas que os emigrantes envían desde Estados Unidos.

Visitamos lugares significativos para o bispo Romero. A casa, o hospital que visitaba, a capeliña onde o asasinaron. Fomos a UCA, á casa onde o exército asasinou os xesuítas e as dúas mulleres que estaban con eles. O céspede onde os metrallaron é un xardín de rosas que plantou o esposo dunha das mulleres asasinadas.

San Romero

O sábado foi o día. Marcha á praza da catedral. Xuntábanse grupos chegados de Costa Rica, Guatemala, Honduras, Nicaragua e, sobre todo, de El Salvador. Grupos relixiosos e grupos laicos, con pancartas reivindicativas. Actuacións de grupos musicais, de baile, de poesía. Todo cunha animación potente, moi participativa e con moitos berros: *¿Quién mató a Romero? Dabuisón, el carroñero. Romero vive, la lucha sigue.*

O pobo Salvadoreño é moi vendedoriño, do que sexa, onde cadre: bolsas, retratos, artesanía, camisola, cintas, cousas de comer...

Bo ambiente, moita alegría e entusiasmo. "Si Romero era santo, ¿por qué tardaron tanto?" Unhas unas dez mil persoas na marcha. Durante tres horas.

Ás seis estabamos entrando na praza, despois de apertarnos polas rúas de entrada, ocupadas con postos de todo tipo. Merquei unha bolsa de pan doce, que durou menos dun minuto ("Nunca dirás que non, cando che ofrezan comida"). A praza, tomada pola xente. Sete pantallas xigantes e actuacións. Moitas persoas no chan dispostas a pasar a noite. Admirei, unha vez máis, tanto amor que lle teñen a Romero.

Oficiou Tojeira e uns trinta curas máis. Cantos da misa salvadoreña: "*Cuando el pobre crea en el pobre, construiremos la fraternidad".* Ofrendas e símbolos das comunidades rurais. Tojeira botou unha homilía propia de Romero, con concrecións: a auga, a corrupción xudicial, a ausencia de seguridade social, de xubilación, a depredación do medio, a pobreza e o sufrimento, a impunidade que aínda teñen os asasinos de Romero.

Rematada a misa, logrei saltar os cordóns de seguridade e entrar na catedral e esperei o compañeiro. Aínda cos capisallos, deille unha aperta, as grazas e fixémonos unha foto como recordo do que para min fora a "canonización" de bispo Romero.

Mulleres con criaturas e petates, mocidade, homes, xente golpeada, expoliada no que vos pertence e do que eu gozo; aquí e acolá sodes o único motivo, a única razón. Sinto que vos levo no corazón. Grazas!



Na carriña de don Fran

O noso taboleiro *IRIMIA*. NÚMERO 1 000

Co próximo número a revista acadará a simbólica cifra de 1000 números. É por iso que vos temos que dar tres recados:



1º Estamos preparando un número especial e necesitamos tempo para facelo. É por iso que saltaremos unha quincena. O 1 000 chegará ás casas dentro dun mes, non de 15 días, como é habitual.

2º Queremos facer que ese número 1 000 sexa un número coral. Por iso, gustaríanos que nos mandásedes unhas letras: sobre todos estes anos, sobre a revista, sobre vós e a revista... Non máis de 500 caracteres (contando os espazos) e unha foto vosa para acompañar. Queremos encher o número coas vosas achegas. Mandádenolo a asoc.irimia@gmail.com antes do 3 de decembro.

3º Queremos preparar alguna festa de celebración. Aínda estamos empezando e non vai dar tempo a avisar pola revista. Así que teredes noticia do que se faga polas redes sociais, os correos electrónicos, os grupos de wasap.



Actividade subvencionada pola
Deputación DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA Dende setembro de 1981 **FEITO EN PAPEL RECICLADO**

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscricions@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182 **IMPRIME:** TÓRCULO Artes Gráficas **DISTRIBÚE:** IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: http://asociacion-irimia.org/revista.html

Boa Nova



A PALABRA

DOMINGO 25 de novembro. Festa de Xesús Cristo Rei do universo

A PALABRA Xn 9, 33b-37

Naquel tempo, chamou Pilato por Xesús e preguntoulle: «Es ti o Rei dos Xudeus?» Xesús respondeu: «Dilo ti pola túa conta ou dixéroncho outros de min?» Pilato replicou: «E logo son eu xudeu? A túa xente e os sumos sacerdotes entregáronte a min: que fixeches?» Xesús contestoulle: «O meu reino non é deste mundo; se deste mundo fose, os meus oficiais loitarían para que ninguén me entregase aos xudeus; mais o meu reino non é de aquí.» Díxolle entón Pilato: «Logo ti es Rei?» Xesús respondeu: «Tal como o estás dicindo, eu son Rei: para iso nacín e para iso vin ao mundo, para dar testemuño da verdade; todo o que está aberto á verdade, escoita a miña voz. »

A CLAVE

Logo, ti es Rei?

En todo o evanxeo de Xoán nótase un longo proceso de reflexión e inculturación da fe, froito do propio camiñar da comunidade e dos acontecementos que va vivindo. Nos relatos da Paixón mestura con gran habilidade os elementos históricos coa dramatización para ofrecernos un relato cargado de intensidade teolóxica e existencial.

O diálogo entre Xesús e Pilato dá boa mostra disto. Para o evanxelista, Xesús, na paixón, é rei, pero un rei que ten o seu trono na cruz. Xa queda lonxe a sinxela predicación do Reino de Deus que o nazareno levara por toda Galilea, agora trátase dunha confrontación entre o poder de Deus e o poder dos homes.

Para a comunidade xoánica a afirmación da realeza de Xesús non é unha reivindicación política, senón teolóxica. O mestre coma rei encarna a visibilización do poder salvador de Deus, un poder que non se exerce dende os lugares de privilexio e forza, senón dende a debilidade e a proposta.

Porén, a proposta de Deus, encarnada en Xesús, supón unha ameaza porque cuestiona os xogos de poder que de cotío vemos no mundo. O breve interrogatorio do procurador romano presenta con claridade onde radica a autentica ameaza que supón a persoa e a predicación de Xesús, e define con moita plasticidade os dous niveis de interpretación posibles da súa realeza: a política e a teolóxica.

O problema dos xudeus e romanos no escenario a paixón xonánica é quen gaña e quen perde nos espazos de influencia e privilexios, mais para Xesús a cuestión é como ofrecer a todos/as a vida en abundancia de Deus. A solución á confrontación non vai estar, para o autor do evanxeo, en quen é o lexitimo detentador do poder, senón en quen entende de verdade o lugar de Deus na historia.

Carme Soto

O ECO

Festa de Cristo Rei. Manda truco. Xa sei que non falamos de que Xesús fose gobernar o seu pobo, pero hai títulos que non son nada axeitados. A Xesús, en todo caso, acaeríalle mellor un Meu rei, dito con moito agarimo. Porque asociar ao moreno de Nazaret con altezas, ilustrísimas, excelentísimas e demais é como falar de Deus e ollar ao ceo. Nin Deus nin Xesús están nas alturas senón nas baixuras, ao noso carón. Non se parecen ao xefe, senón á muller da limpeza. Por iso non queren coroas e prefiren que varras con eles, que haiche moito que varrer.

Porque queda moi bonito Cristo nun altar rodeado de ouro, prata e pedras preciosas. E non molesta nada. Pero ese Cristo de xoiería que levamos no pescozo, igual que as cruces e os aneis ben discretos que levan os bispos mais ben tiran para atrás. E que xa non lembramos que "o que fagades aos máis pequenos, facédesmo a min?". Nunca dixo o que fagades as miñas estatuas, nin aos meus símbolos, nin aos meus apóstolos. O que fagades a xente que máis o precisa.

Coido que nalgún momento destes últimos dous mil anos perdemos un pouco o camiño correcto.

Olga Álvarez

Falando da lingua Tempo de esbirrar

Lidia e Valentina



Moita trapalladiña chega polo wasap, é certo, pero o caso é que estoutro día recibimos un vídeo que, a nós que sempre andamos co ollo e mais a orella postas na lingua, chamounos a atención. Este era un que falaba de sete enfermidades "rarísimas" que só se sofren na nosa terra. Estaban moi castelanizadas; así e todo, habíaas moi aproveitables. Tendo en conta que con este tempo e con tanta cicloxénese han de empezar os padecementos de máis de un...

E aproveitando que o Miño pasa por Lugo..., haberá quen empece con carraspeira que despois lle dea en rouquén. Tamén haberá quen teña xa cargación ou incluso a quen lle ronque o peito. Ás veces a clínica é máis difusa e cando preguntas por alguén, dinche que non anda ben, que seica lle deu unha volta e a volta pode ter moitas causas, pode ser que teña o corpo revolto, que ata ás veces é como se lle viñese auga á boca, iso se non empeza a lanzar... Cando é así, moitas veces é andazo e empeza un da casa e detrás van os outros... E ao se recuperaren, quedan que parece que non beben auga con sal, parece que levan a roupa colgada neles...

Hai cousas máis serias, ás veces preguntas por alguén e "simplemente" che din que non anda ben, non... Anda nos médicos... Polo de agora non lle deron nela, non lle deron con nada, non lle dixeron nada, pero el non as ten todas consigo, el anda coa mosca detrás da orella. Estoutro día seica lle dera un vaído, que caera ao chan e aínda bo foi que non levou un golpe... E como ver, non se lle ve nada, aínda ha haber quen ordene que fai o conto, que o que ten é moito conto!

Tamén hai quen está moi fodido, que está escaralladiño de todo, está acabadiño, seica está como ha ir! Dicía dunha volta Jesusa da Carballeira por unha veciña que tiña un mal: "Oes, che, que mala cara ten! Parece que chama a terra por ela!"

E se a saúde empeza a ir mal, que parece que non se sae dunha para pillar outra, ao mellor dáse en pensar que o hai que facer é ir a un santo ou a unha meiga para que che saquen o aire...

O Fachineiro do cine

Un día máis con vida

Quen queira gozar dunha historia poderosa non pode deixar de ver *Un día máis con vida*, a película que se basea no libro do reporteiro de guerra polaco Kapuscinsky, un dos mellores xornalistas que houbo. A historia sitúase na *confução* de 1975, momento no que Portugal abandona o seu imperio colonial trala Revolução dos Cravos deixando atrás un país partido. Angola proclama a súa independencia pero ata alí traslándanse as pezas do xadrez da guerra fría cos Estados Unidos apoiando os masacres do FNLA e a suráfrica racista invadindo o sur do país. Kapuscinsky non dubidou en percorrer



os puntos máis perigosos, arriscando a propia vida para enviar as crónicas dende a primeira liña e mesmo se pode ver como se enfronta ao dilema de publicar unha exclusiva ou deixar que o país se enfronte a un caos previsible. A película mestura animación, imaxes de arquivo e fragmentos a xeito de documental cando recolle as impresións dalgúns dos protagonistas supervivintes na actualidade. É o caso do xeneral Farrusco ou do xornalista Artur, compañeiro de Kapuscinsky naqueles días. Hai que vela.

A.Q.